

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRÁMITE ORDINARIO PARA ADXUDICAR O SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS MUNICIPAIS.

1.-OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización do servizo de limpeza nos seguintes edificios de competencia municipal:

- CASA DO CONCELLO
- COLEXIO PÚBLICO DE SAN CLEMENTE
- CENTRO DE SAÚDE DE CALDAS DE REIS (LIMPEZA DIURNA E NOCTURNA)
- OFICINAS MUNICIPAIS UBICADAS NA TRAVESIA DONA URRACA S/N E NO FOGAR DO MAIOR.
- BIBLIOTECA MUNICIPAL
- AUDITORIO MUNICIPAL E SAA DE EXPOSICIÓNS
- LOCAIS SOCIAIS DE BEMIL E GODOS
- ESCOLAS UNITARIAS DE SAN ANDRÉS, SAIAR, GODOS E CARRACEDO
- CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

A codificación do obxecto do contrato de conformidade coa nomenclatura CPV é 90911200-8 e 90919000-2.

2.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

Son as que se especifican no prego de prescripcóns técnicas que, a tódolos efectos, forma parte integrante do contrato.

3.- DURACIÓN DO CONTRATO

A contratación deste servizo será polo prazo de dous anos, contado dende a data de comenzo fixada no contrato, non podéndose prorrogar.

No caso do Centro de Saúde, a duración do contrato rematará unha vez que a Xunta de Galicia acepte a cesión do inmovible aprobada polo Pleno do Concello.

4.-ORZAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

O prezo do presente contrato ascende á contía de 105.408,12 euros anuais. O prezo anterior queda integrado pola suma dos importes do valor estimado do servizo (89.328,96 euros) e do IVE aplicable (16.079,16 euros).

A tódolos efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato como o IVE e demais tributos que sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ao IVE figurará como partida independente.

O gasto do presente contrato finánciase con cargo á partida 929/22700 do vixente orzamento xeral. En virtude do prazo de duración previsto para o contrato o Concello establecerá, no seu caso, anualmente a axeitada consignación no orzamento para atender ó pago.

Unha vez que sexa aceptada a cesión do centro de saúde pola Xunta de Galicia, e por conseguinte cese o contratista na limpeza deste edificio, o importe do contrato reducirase nunha porcentaxe do 20,70% do importe a facturar mensualmente.

5.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A forma de adjudicación do contrato de servizos será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 141 da Lei 30/2007, de 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa se atenderá a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público e co establecido na cláusula onceava do presente prego.

6.- ORGANO DE CONTRATACION E PERFIL DO CONTRATANTE

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno.

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa a súa actividade contractual, é sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil do contratante ao que se terá acceso según as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.caldasdereis.com

7.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE

Os gastos que orixine a publicación e tramitación do presente procedemento serán por conta do adjudicatario. O importe máximo dos gastos de publicidade non excederá da contía de 900 euros.

8.-EMPRESAS PROPOÑENTES E CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA ACREDITAR A SOLVENCIA

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato (art. 43.1 e 2 da LCSP).

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) Dos empresarios que foran persoas xurídicas mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Os que comparezan ou firmen proposicións en nome de outro, presentarán copia notarial do poder de representación, debidamente verificado.

Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente. Igualmente a persoa con poder bastante a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan de nacionalidade de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Dos demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar reguladas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por una declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A capacidade para contratar:

Dada a contía do presente contrato, será requisito indispensable que o empresario disponía da clasificación seguinte:

GRUPO U, SUBGRUPO 1, CATEGORÍA A

9.- FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As ofertas se presentarán no Concello de Caldas de Reis, rúa Ferrería nº 1, en horario de 9 a 14 horas, dentro do prazo de QUINCE DÍAS naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante (www.caldasdereis.com).

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia extendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcurridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, ésta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional decimonovena da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por él subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “Proposición para licita-la contratación do servizo de limpeza de edificios municipais”. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre “A”: Documentación Administrativa

- Sobre “B”: Proposición Económica

- Sobre “C”: Documentación ponderable a través de xuízos de valor. (Criterios de adxudicación non valorables mediante fórmula).

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

Sobre “A”

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro, presentarán copia notarial do poder de representación, debidamente verificado.

- Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder bastante a efectos de representación, debera acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuña notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración reponsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar da recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar ésta.

d) Documentos que xustifiquen a clasificación do empresario.

e) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que poidera corresponder ó licitador.

Non obstante, as condicións de aptitude do empresario en canto a súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, así como a concurrencia ou non concurrencia das prohibicións de contratar, poderán ser acreditadas mediante certificación da inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 72 da LCSP.

SOBRE “B”

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

a) Proposición económica.

Presentaranse conforme ó seguinte modelo:

« D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, c/ _____, nº _____, con DNI nº _____, en representación da Entidade _____, con CIF nº _____, enterado do expediente para a contratación de “SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS MUNICIPAIS” por procedemento aberto, oferta economicamente máis ventaxosa, varios criterios de adxudicación, anunciado no Boletín Oficial de Provincia nº _____, de data _____ e no Perfil do contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ó Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a _____ de _____ de 20 _____.

Sinatura do licitador,

Asdo: _____».

SOBRE “C”

DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVÉS DE XUIZOS DE VALOR. (Criterios de adxudicación non valorables mediante fórmula).

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor.

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

10.1 Criterios valorables mediante fórmula:

- o prezo ofertado. As ofertas valoraranse ata 50 puntos, outorgando 50 puntos á oferta máis baixa das admitidas. A puntuación das restantes establecerase en base á seguinte fórmula:

$$P = \frac{50 \times Y}{X}$$

Onde P é a puntuación que corresponde a cada licitador, X é o prezo da oferta a considerar e Y o prezo da mellor oferta.

Consideraránse ofertas desproporcionadas ou temerarias as que se separen en canto a prezo en máis dun 25% da media aritmética das ofertas presentadas.

10.2 Criterios non valorables mediante fórmula:

- proxecto de organización e prestación do servizo, valorarase ata 50 puntos:

Deberá incluír como mínimo os seguintes aspectos:

- A forma concreta de organización e prestación do servizo: valorarase ata 20 puntos.
- A maior frecuencia no servizos fronte á prevista no Prego de prescripcóns técnicas: valorarase ata 15 puntos.
- A calidade da maquinaria ofertada que incida na mellora da prestación do servizo. Valorarase en función do número de anos de antigüidade, características técnicas e menor contaminación ambiental que produzan. Valorarase ata 15 puntos.

11.- MESA DE CONTRATACIÓN

De acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, conformarán a Mesa de contratación:

- O Alcalde do Concello que actuará como Presidente da Mesa.
- A Secretaria Xeral da Corporación.
- A Interventora da Corporación.
- O Aparellador Municipal.
- O Xefe de equipo de RSU.
- Un/ha funcionario/a da Corporación, que actuará como Secretario da Mesa.

Aos efectos de avaliación das ofertas, a Mesa poderán contar coa asistencia de asesoramento técnico axeitado.

12.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS

A apertura das ofertas debe efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de remate do prazo para presentalas.

O órgano de contratación constituirase o terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, e calificará a documentación administrativa contida nos sobres «A». Se fora necesario, concederá un prazo non superior a tres días para que os licitadores corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada. Considérase defecto subsanable a non achega dalgún documento, ou deficiencias ou erros nos mesmos,

sempre que o suposto de feito ou de dereito que reflecta o documento existise con anterioridade á finalización do prazo para presentación de ofertas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

De seguido, procederase á apertura e exame dos sobres «C», que conteñen os criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor (criterios non valorables mediante fórmula).

Rematada a lectura das proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de conformidade cos criterios e as ponderacións establecidas neste Prego.

13.- REQUERIMENTO DA DOCUMENTACIÓN

Reunida de novo a Mesa de Contratación, darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor. De seguido, procederase á apertura dos sobres «B».

Á vista da valoración dos criterios incluídos nos sobres C e B, a Mesa de Contratación propondrá ao adxudicatario do contrato.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivera recibido o requerimento, presente:

- a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo,
- de dispor efectivamente dos medios que se tivese comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP,
- resgardo de ter constituído a garantía definitiva.

14.-GARANTÍA DEFINITIVA

Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituir unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxección, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

15.- ADXUDICACION DO CONTRATO

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada, se notificará aos licitadores e, simultaneamente, se publicará no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que se seleccionase a súa oferta con preferencia das presentadas polos restantes licitadores cuíñas ofertas foron admitidas.

- Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo no que debe procederse a súa formalización.

16.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adjudicación; constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.

17.- RÉXIME DE PAGOS

O prezo estipulado no contrato será satisfeito por doceavas partes en mensualidades vencidas, contra factura da prestación realizada no mes correspondente, na que figurará por separado a parte correspondente ó imposto sobre o Valor Engadido.

18.- REVISIÓN DE PREZOS

O prezo revisarase anualmente, previa petición do adjudicatario e en función das variacións que experimente o índice de prezos ó consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, tomando como inicial o correspondente á data de iniciación do servizo e como final para cada revisión o último aprobado aínda que sexa provisionalmente, co límite do 85% da variación que experimente dito índice.

19.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PARTES CONTRATANTES

1. DEREITOS E OBRIGAS DO ADJUDICATARIO

Dereitos:

- Percibir o prezo da adjudicación na contía e prazos establecidos no presente prego de cláusulas administrativas.

- Dispoñer dunha relación das instalacións obxecto do concurso que lle entregará o Concello.

- Calquera outro que estea regulamentariamente recoñecido en orde ó obxecto do concurso.

Obrigacións:

-O contratista deberá executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas no prego de prescricións técnicas.

-O contratista deberá cumprir-las disposicións legais vixentes en materia laboral, fiscal e de Seguridade Social, que sexan inherentes a súa condición de empresario, quedando exenta a Corporación contratante de calquera responsabilidade por incumprimento de tales normas. A tal efecto, estará obrigado a presentar con periodicidade mensual os xustificantes do cumprimento de tales obrigas no rexistro xeral do Concello.

-O contratista deberá proceder á dotación do material necesario para a prestación do servizo.

-Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria así como consecuencia dos traballos realizados. Tamén responderá civil e, se é o caso penalmente dos danos causados á administración contratante como consecuencia dos vicios ocultos na prestación do servizo.

-Non poderá o contratista subarrendar, ceder o traspasa-los dereitos e obrigacións dimanantes do contrato sen autorización municipal.

O contratista deberá comunicar no prazo de dez días a partir da formalización do contrato escrito no que designe o empregado ou representante con quen deben levarse a cabo as correspondentes relacións entre o Concello e ou contratista adxudicatario.

-Deberá poñer en coñecemento da autoridade municipal calquera anomalía ou dificultade que impida o cumprimento da súa obriga e adopta-las medidas procedentes para presta-lo servizo.

-En relación co persoal o contratista asumirá as obrigacións descritas no artigo 2 do prego de prescricións técnicas.

2- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acorda-la resolución do contrato e determina-los efectos desta.

En todo caso se dará audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 195 da Lei 30/2007, de 30 de outubro.

20.- RÉXIME SANCIONADOR

1.-Consideraranse infraccións moi graves:

A demora no comenzo da prestación do servizo superior a un día sobre a data prevista.

Paralización ou interrupcións da prestación do servizo.

Prestación manifestamente defectuosa ou irregular dos servizos, sen autorización expresa do Concello.

Cesión, subarriendo ou traspaso total ou parcial dos servizos, sen autorización expresa do Concello.

Desobediencia reiterada por máis de dúas veces respecto da mesma cuestión, das ordes escritas da Alcaldía, relativas ó orden, forma e réxime do servizo.

Cesación da prestación do servizo polo contratista, sen a concorrencia das circunstancias legais que o fagan lexítimo.

O fraude na forma de prestación do servizo, non utilizando os medios axeitados ou elementos esenciais esixidos.

2.-Consideraranse infraccións graves:

Incumprimento de acordos ou decisións municipais sobre variacións dos servizos que non impliquen gastos para o contratista.

Irregularidades inadmisibles na prestación dos servizos.

O incumprimento das obrigacións laborais, fiscais, e da Seguridade Social co persoal adscrito ós servicios.

3.-Considéranse infraccións leves tódalas demais non previstas anteriormente que conculquen dalgún modo as condicións do prego.

Sancións:

As faltas leves serán sancionadas con multas de ata 150 euros.

As faltas graves serán sancionadas con multas en contía comprendida entre 150 e 3.000 euros.

As faltas moi graves serán sancionadas con multas en contía comprendida entre 3.001 e 18.000 euros, ou a resolución do contrato cos efectos previstos na LCSP.

Cando a infracción cometida rebase, a xuízo do Concello, o ilícito administrativo deberá procederse a pasar o tanto de culpa ós tribunais competentes.

Procedemento sancionador:

As faltas leves serán sancionadas polo Alcalde previa audiencia ó contratista durante un período de dez días.

Para a corrección das faltas graves deberá tramitarse un procedemento sancionador sumario: incoación do procedemento polo Alcalde con designación de instructor e secretario, proposta do instructor, audiencia ó contratista e, no seu caso, imposición da sanción.

Para a corrección das faltas moi graves deberá tramitarse un procedemento sancionador coas seguintes garantías formais: incoación do procedemento con designación de instructor e secretario, período de instrucción e proba, prego de cargos polo instructor, audiencia ó contratista durante dez días, proposta de sanción polo instructor, alegacións do contratista á proposta, ditame da comisión informativa e, no seu caso, resolución sancionadora polo Pleno da Corporación, que tamén poderá declarar a resolución do contrato.

21.- INSPECCIÓN DO SERVIZO

O Concello inspeccionará en todo momento a forma de prestación dos servizos adxudicados co obxecto de:

- a) Controlar que as labores sexas efectuadas oportunamente e na forma estipulada.
- b) Determinar se os equipos, maquinaria e ferramentas que deban ser utilizadas satisfan as condicións establecidas no prego.
- c) Vixiar se o aseo, vestiario e competencia do persoal afecto ó servizo reúne as condicións esixidas.

22.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

As causas da resolución serán as previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP.

23.- SUMISIÓN Á LEXISLACIÓN DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas constitúen a lei fundamental do contrato. Para o non previsto no presente prego estarase ó disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público, e no Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.